

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APLICARÁ A LEI SOBRE USO DAS MÁSCARAS COA RECOMENDACIÓN DO SEU MANTEMENTO NAQUELES ESPAZOS EXTERIORES ONDE SE POIDAN PRODUCIR AGLOMERACIÓNS

- A Xunta recomenda seguir actuando con responsabilidade en aqueles lugares onde haxa un número excesivo de persoas, de acordo ás indicacións dos expertos do subcomité clínico

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2022.- A Xunta de Galicia aplicará a lei na que se levanta a obriga do uso das máscaras en exteriores, pero mantén a recomendación de empregala naqueles lugares onde se poidan producir agrupacións dun número importante de persoas en espazos limitados.

Ao respecto dos colexios, os expertos do subcomité clínico lembran que onte se comezou a administrar a segunda dose da vacina contra a covid-19, polo que, ata que os rapaces teñan a pauta completa, o recomendable é seguir coa máscara onde haxa un número elevado de persoas que compartan un mesmo espazo exterior. Un espazo onde habitualmente toman bebidas ou alimentos.

A Xunta de Galicia recomenda, pois, seguir actuando con responsabilidade e lamenta que a norma non sexa mais explícita posto que pode dar cabida a interpretacións, ao entrar en contradicións coas normas contempladas no protocolo nacional de protección covid-19 no ámbito educativo, todavía en vigor. No que atinxe á saúde as normas deben ser claras e deberían consensuarse cos expertos.

Na actualidade, Galicia conta xa co 81'9 % dos menores con idades comprendidas entre 5 e 11 anos con alomados unha dose da vacina contra a covid-19. Así, é a comunidade autónoma com maior número de rapaces e rapazas vacinados, situándose 26 puntos por riba da media nacional (55'7%). Con todo, mentres non teñan a pauta completa de vacinación, lembra que respectar as medidas de autoprotección segue a ser fundamental para atallar a transmisión do coronavirus.

Saúdos do Gabinete de Comunicación da Consellería de Sanidade